

ANEXO I: PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2022006715
ASUNTO	EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
TRÁMITE	Incoación do expediente

O Deputado Delegado da Área de residuos da Deputación de Pontevedra, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón que a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

A compostaxe foi desde un primeiro momento unha aposta do novo equipo de goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, elixido tralas eleccións de maio de 2015, para facilitarles aos concellos da provincia unha xestión do lixo máis económica e ecolóxica.

Para iso púxose en funcionamento un plan de tratamento de residuos denominado REVITALIZA co que se trata de cumprir, e incluso superar, os obxectivos fixados na normativa europea, estatal e autonómica en canto ás porcentaxes de residuos municipais reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral dunha eficiente utilización dos recursos.

Baseándose nesa privilexiada característica de poderen ser tratados in situ con todas as garantías científicas, técnicas, tecnolóxicas, sanitarias e ambientais necesarias, no REVITALIZA apóstase polo tratamento da fracción orgánica a través da compostaxe empregando principalmente composteiros individuais e centros de compostaxe comunitaria (en diante, CCC), unha estratexia en sintonía e intimamente coherente coas novas liñas de actuación na xestión de residuos promovidas polas políticas da UE ás que, popular e xenericamente, se lles chama quilómetro cero, xestión circular, xestión sustentable, xestión de proximidade e xestión local a pequena escala.

Na actualidade, 47 concellos da provincia están adheridos ao REVITALIZA, segundo o protocolo aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión de 14 de outubro de 2016 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 200, de 19 de outubro de 2016). En 37 deses concellos xa se instalaron 186 CCC, con 1.376 unidades modulares de compostaxe.



Neste contexto, unha parte fundamental do proceso da compostaxe é a incorporación ao mesmo da fracción vexetal, comunmente chamada estruturante, nun tamaño axeitado.

Este material, que debe ser accesible en cada centro de compostaxe para que a cidadanía poida usalo cada vez que verte os seus residuos orgánicos nos módulos de achega, ten que estar contido nun recipiente que impida o contacto coa auga e minimize o impacto visual que podería ter no caso de telo nas inmediacións do centro sen ningún tipo de contedor.

Así mesmo, para garantir a eficacia do proceso de compostaxe nos CCC, é necesario o uso de determinadas ferramentas para realizar as labores de mantemento das unidades modulares e que deben estar a disposición do persoal técnico en todo momento. Para iso, e tamén para evitar posibles sustraccións, é imprescindible dispoñer de bancos para poder gardalas de forma segura.

Esta iniciativa provincial enmárcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que deben dirixir a súa actividade a cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e o tratamento de residuos.

Segundo o disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 13 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, nos Concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos; pola súa banda, o artigo 36.1.c) desta lei establece que é competencia da Deputación a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e o fomento ou, no seu caso, a coordinación da prestación unificada de servizos dos concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación.

Pola súa banda, o artigo 30 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, establece que a Deputación cooperará para a efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando para este fin os medios económicos propios desta que se lle asignen ou as subvencións ou axudas de calquera outra procedencia.



2. SERVIZO SOLICITANTE*:

Centro xestor:	Asistencia Intermunicipal
Responsable do contrato:	A Xefa de sección de residuos, María Martínez Abralles.
Responsable da Administración:	O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, Gabriel Rodríguez Alonso.

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato:	SUBMINISTRACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Obxecto e contido:	<p>Contratación do subministro, transporte e instalación de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, tanto para os xa instalados como para as novas instalacións que se poidan producir, das seguintes unidades estimadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Caixón de estruturante: 100 unidades • Banco de ferramentas: 100 unidades <p>Non obstante, ao tratarse dun contrato de subministro en función das necesidades (disposición adicional 33 LCSP), o número antes reflectido é unha mera estimación, de xeito que a Deputación de Pontevedra non se compromete a contratar un número determinado de unidades, efectuándose o pagamento do contrato en función dos complementos realmente subministrados.</p> <p>Así mesmo, se durante a execución do contrato as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, tramitárase a correspondente modificación debendo preverse tal circunstancia nos pregos nos termos previstos no artigo 204 LCSP.</p>
CPV	<p>Lote 1:44613400-4 contedor de almacenamento</p> <p>Lote 2: 44614100-8 recipientes de almacenamento</p>



Lotes	<input checked="" type="checkbox"/> SI	<p>Son os seguintes:</p> <p>LOTE 1- Caixóns de almacenaxe de estruturante</p> <p>LOTE 2- Bancos para gardar as ferramentas que se utilizan para o mantemento dos centros de compostaxe, como forca, pala, mangueira, etc.</p> <p>Non hai limitación á hora de concorrer a calquera dos lotes.</p>
	<input type="checkbox"/> NON:	Xustificación:

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 30px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	22/923.1623.625.01	127.050,00 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

Prazo de execución/duración do contrato:	Prazo de execución: <ul style="list-style-type: none"> LOTE 1: os primeiros 20 caixóns de estruturante deberán estar instalados nos CCC, que se lle indiquen polo persoal técnico do
---	---



	<p>REVITALIZA, no prazo de dous (2) meses dende a formalización do contrato. Os seguintes pedidos faranse en número mínimo de cinco unidades e deberán instalarse nos CCC, que se lle indiquen polo persoal técnico do REVITALIZA, no prazo de un (1) mes a contar desde a recepción formal da solicitude (correo electrónico).</p> <ul style="list-style-type: none"> • LOTE 2: os primeiros 20 bancos de ferramentas deberán estar instalados nos CCC, que se lle indiquen polo persoal técnico do REVITALIZA, no prazo de dous (2) meses dende a formalización do contrato. Os seguintes pedidos faranse en número mínimo de cinco unidades e deberán instalarse nos CCC, que se lle indiquen polo persoal técnico do REVITALIZA, no prazo de un (1) mes a contar desde a recepción formal da solicitude (correo electrónico).
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON Número de prórrogas: Duración de cada prórroga:

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

CONCEPTO	CUSTO LOTE 1	CUSTO LOTE 2	CUSTO TOTAL
100 unidades	725,99 €	544,51 €	1.270,50 €
TOTAL	72.599,00 €	54.451,00 €	127.050,00 €

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

A xustificación e desagregación dos custos unitarios efectúase en función da experiencia acumulada do programa Revitaliza de conformidade co indicado no documento con CSV RG51BTWY2CCHK7l9 elaborado pola Xefa da sección de residuos da Deputación de Pontevedra, sendo os custos unitarios desagregados os seguintes:



	Custes directos	Custos indirectos (gastos xerais 5%)	Beneficio industrial (6%)	Custos totais (sen IVE)	Custos totais (con IVE)
Caixón estruturante	539,08 €	26,95 €	33,96 €	599,99 €	725,99 €
Banco ferramentas	404,32 €	20,22 €	25,47 €	450,01 €	544,51 €

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

Prezos unitarios

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE, SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	



<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
COMPROMISO DE MEDIOS	

11. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

As empresas licitadoras deberán presentar unha memoria técnica descriptiva dos elementos a subministrar, que deberán cumprir o especificado no Prego de Prescricións Técnicas (PPT), así como unha mostra do caixón de estruturante e do banco para ferramentas.

LOTE 1	CAIXÓNS DE ESTRUTURANTE (25 puntos)
Criterio:	Deseño, robustez e facilidade operativa dos caixóns de estruturante (máximo 15 puntos): Valoraranse as características específicas de deseño dos caixóns en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos. Valorarase tamén o grado de facilidade que permita executar as operacións de enchido de colocación no interior dun



11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

	<p>saco tipo big-bag de material estruturante, e da facilidade de manexo por parte das persoas usuarias para coller o material estruturante para o seu uso durante o proceso de compostaxe.</p> <p>A puntuación outorgarase en base ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar ata o interior pola acción da súa apertura. Ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias (ata 6 puntos) ○ Robustez dos caixóns. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos caixóns (ata 5 puntos). ○ O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC (ata 4 puntos).
Xustificación:	Xustifícase este criterio para acadar unha maior calidade nas características funcionais do subministro
Criterio:	<p>Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):</p> <p>A puntuación outorgarase en base ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os caixóns estean fabricadas con material reciclado (ata 4 puntos). ○ No caso de que o material utilizado para a fabricación dos caixóns procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares. Neste caso a puntuación será de 3 puntos. ○ Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os caixóns pasen a ser un residuo (ata 3 puntos).
Xustificación:	Xustifícase este criterio para acadar unha maior calidade nas características ambientais do subministro



11. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

LOTE 2	BANCOS DE FERRAMENTAS (25 puntos)
Criterio:	<p>Diseño, robustez e facilidade operativa dos bancos para ferramenta (máximo 15 puntos):</p> <p>Valoraranse as características específicas de deseño dos bancos para ferramentas en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos.</p> <p>A puntuación outorgarase en base ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrenar ata o interior pola acción da súa apertura. Ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias (ata 6 puntos). ○ Robustez dos bancos. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos bancos (ata 5 puntos). ○ O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC (ata 4 puntos).
Xustificación:	<p>Xustifícase este criterio para acadar unha maior calidade nas características funcionais do subministro</p>
Criterio:	<p>Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):</p> <p>A puntuación outorgarase en base ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os bancos estean fabricadas con material reciclado (ata 4 puntos). ○ No caso de que o material utilizado para a fabricación dos bancos procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares. Neste caso a puntuación será de 3 puntos.



11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

	<ul style="list-style-type: none"> ○ Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os bancos de ferramentas pasen a ser un residuo (ata 3 puntos).
Xustificación:	Xustificase este criterio para acadar unha maior calidade nas características ambientais do subministro

No conxunto dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor os licitadores deberán obter un mínimo **de 12 puntos**. As ofertas que non consigan esta puntuación mínima será excluídas da licitación, xa que non se consideran aceptables a efectos técnicos.

Os licitadores poderán incorporar como anexo á memoria técnica calquera outra documentación que consideren relevante para aclarar as características dos elementos a subministrar, pero que non será obxecto de valoración.

A valoración deste apartado realizarase a partir do exame, observación, inspección e avaliación da documentación e da mostra aportada polos licitadores.

12. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

A oferta contará cunha memoria técnica descritiva dos elementos a subministrar que deberán cumprir o especificado no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Por cuestións de eficiencia técnica, axilidade do proceso e economía administrativa, terá unha extensión máxima de 15 páxinas (DIN A4) foliadas e numeradas.

O primeiro documento da memoria será un índice no que se indiquen claramente os contidos co número de páxina.

Tamén deberá presentarse unha mostra do caixón de estruturante e do banco para ferramentas; non serán obxecto de valoración e quedarán excluídas do procedemento, aquelas ofertas que non xunten devandita mostras.

En relación co anterior e para facilitar que os licitadores poidan aportar ditas mostras, propónse que o prazo de presentación de proposicións non sexa inferior a 30 días naturais.



Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando.- Que por Resolución da Presidencia de data 1 de agosto de 2019, modificada pola Resolución Presidencial 2020003407 de data 28/05/2020, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas

Dispoño,

Primeiro.- Iniciar o expediente para a contratación do subministro de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, ao estimarse xustificada a súa necesidade para atender as razóns de interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- **Documento contable RC** (retención de crédito) certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para levar a cabo a contratación.
- **Prego de prescricións técnicas** (PPT) e anexos.

Asinado electronicamente ao marxe.

